

# XORNADA

*de portas abertas*

Campus de Pontevedra

**3 de abril de 2024**  
10.00-13.00 h  
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Estudantado  
e Empregabilidade

## ***Xornada de Portas Abertas*** ***Campus de Pontevedra***

Actividade dirixida a centros educativos de Galicia con alumnado de Bacharelato e ciclos superiores de FP que desexen coñecer en primeira persoa a oferta académica e as infraestruturas da Universidade de Vigo, en particular do Campus de Pontevedra.

Nesta xornada, programada para o 3 de abril, será posible visitar as facultades/escolas atendendo a itinerarios por ámbito de interese tal e como se indica no programa da xornada.

Esperamos que, despois de visitarnos e coñecer máis de preto a Universidade de Vigo e o seu Campus de Pontevedra, sexa un pouco máis doado tomar unha decisión tan importante como é a de elixir universidade e titulación para desenvolver capacidades e habilidades e sobre todo, permita medrar como persoa.

Trátase dunha actividade aberta a todos os centros educativos interesados máis a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade promove esta actividade mediante o pago dos 10 primeiros buses (completos) que inscriban os centros educativos a través do FORMULARIO creado para tal fin.

## ***Programa***

**09.45-10.00 h** Recepción no Auditorio do Pazo da Cultura de Pontevedra.

**10.00-10.30 h** Recepción institucional.

**10.30-13.00 h** Visitas ás Facultades e Escolas.

- Ámbito humanístico: Belas Artes e Deseño.
- Ámbito tecnolóxico: Enxeñaría Forestal.
- Ámbito de educación: Educación Infantil, Educación Primaria, Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- Ámbito de ciencias sociais: Comunicación Audiovisual, Publicidade e Relacións Públicas, Dirección e Xestión Pública.
- Ámbito de ciencias da saúde: Fisioterapia e Enfermaría.

**13.00 h** Fin da xornada

## ***Requisitos para recibir a axuda do desprazamento***

- Os centros educativos deberán estar situados a unha distancia igual ou superior aos 30 kms de distancia do Campus de Pontevedra.
- O alumnado deberá estar cursando, exclusivamente, estudos de Bacharelato ou ciclos superiores de FP.
- Os grupos de alumnado deberán ser de, polo menos, 50 persoas (bus completo).
- A concesión da axuda para os 10 buses será por orde de inscrición.
- Só se pagará un bus por centro educativo.


## ***Formulario e prazo de inscrición***

Prazo de inscrición: ata o 15 de marzo.

FORMULARIO:



# Campus de Pontevedra



Centro cidade



A Xunqueira

1. Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
2. Facultade de Fisioterapia
3. Facultade de Comunicación
4. Facultade de Dirección e Xestión Pública
5. Escola de Enxeñaría Forestal
6. Biblioteca central
7. Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
8. Facultade de Belas Artes
9. Facultade de Deseño

Centros adscritos  
- Escola Universitaria de Enfermaría